



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN e O. U.
C.P.I. "MANUEL SUÁREZ MARQUIER"



**RADIO NA
BIBLIO**
Curso 2020-21

II CONCURSO DE PODCASTS

RADIO NA BIBLIO

Setembro 2020

CPI MANUEL SUÁREZ MARQUIER

O ROSAL

A VOZ DA MATA



O noso centro, CPI MANUEL SUÁREZ MARQUIER, do Rosal, participa neste concurso co podcasts: **O rap de Carvahlo Calero!** (Alumnado 6º EP) **Modalidade II.**

PODCAST O RAP DE CARVALHO CALERO!

1.- BREVE MEMORIA DOS CONTIDOS

O estudo da figura de Carvalho Calero está enmarcado na celebración das Letras 2020.

Debido á situación sanitaria que estamos a vivir o proceso de elaboración e gravación deste podcast estivo suxeito a diversos cambios, xa que houbo que ir adaptándose ás circunstancias.

O traballo de investigación sobre o autor comezou antes do confinamento. Estes alumnos-as estaban en 5º EP e, coa súa titora Elvira, comezaron a achegarse á vida e á obra de Carvalho Calero. Entre todos-as buscaron un xeito de dar a coñecer o homenaxeado ao resto dos seus compañeiros-as. Xurdiu facer un rap que permitira, dun xeito máis lúdico e motivador, coñecer este autor e a obra que fixo.

O traballo foi interdisciplinar, conectando os contidos do autor con distintos temas obxecto de estudo.

O alumnado realizou un labor de investigación e documentación, partindo dos recursos da nosa biblioteca. O alumnado e a titora contaron coa colaboración do Equipo da Biblioteca, do EDNL e do Equipo da Radio na Biblio, para a realización do podcast.

Este grupo presenta unhas características especiais: hai dificultades xeneralizadas da aprendizaxe, algúns alumnos-as TDAH, unha alumna cun atraso madurativo importante... Para eles foi un traballo moi interesante, xa que como equipo sacaron adiante unha produción sonora partindo do seu traballo de investigación e documentación. Neste punto, a radio foi un instrumento de integración e a Biblioteca o eixo dinamizador.

O traballo quedou interrompido porque tivemos que marchar ás nosas casas, pero continuamos traballando de xeito virtual. O obxectivo foi preparar algo especial para o Día das Letras e así, gravouse un rap entre todos, unindo pequenos anacos rapeados pola rapazada da aula utilizando o móbil dende a casa. Foron gravados polas familias e enviáronlle a produción á titora, creando un traballo para o grupo. De feito, aos nenos-as gustoulles moito escoitar os seus compañeiros-as estando confinados nas casas, e constituíu un xeito de manter un vínculo emocional neses momentos tan duros para todos, xa que resultou moi divertido.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN e O. U.
C.P.I. "MANUEL SUÁREZ MARQUIER"



**RADIO NA
BIBLIO**
Curso 2020-21

Cando se ampliou o prazo deste concurso decidimos que en setembro montariamos un rap entre todos-as que interpretarían, por motivos técnicos, dous rapaces, Ainoa e Tomás, en representación do grupo clase e que Uxía e Nicolás serían o fío condutor do podcast.

Os problemas técnicos apareceron rapidamente. No noso centro decidimos, por protocolo, non utilizar a cabina da Radio ata que a situación sanitaria mellore, por unha cuestión de responsabilidade. Falar e cantar nun espazo pechado e pequeno non nos parecía prudente.

Resolvemos a situación gravando o rap na Aula de apoio ESO, utilizando un móbil e mantendo a distancia de seguridade. A base de rap puxémola no ordenador e gravamos, primeiro a presentación, logo o rap e, finalmente, a despedida. A coordinadora da Radio uniu as distintas partes co Audacity para obter como resultado o noso podcast.

Neste curso temos que reinventarnos e facer radio a través doutros medios e noutros espazos. Estamos a realizar un esforzo por adaptármonos e sacar adiante os nosos proxectos, xa que a situación na que vivimos é moi seria e temos que darlle prioridade á saúde. Sempre hai xeitos de facelo, ao mellor non tan bos coma os que temos no noso estudo de radio, pero o importante non é o podcast en si; o realmente fundamental, dende o punto de vista pedagóxico e educativo, é o proceso de produción, a investigación e documentación, o traballo en equipo (aínda que sexa a 1,5 m de distancia e con máscara)

Por outra banda, producir e mandar a concurso este podcast é fundamental para nós, porque o noso alumnado está a vivir unha aprendizaxe moi importante para as súas vidas:

- Podemos sacar adiante un proxecto, malia non ser os medios os máis axeitados.
- Podemos facer radio cunha máscara posta e distancia social.
- Non tiramos a toalla e participamos.
- Ante as adversidades que xorden buscamos solucións.

Estamos moi contentos-as de sacalo adiante e apoiar a convocatoria feita por Radio na Biblio. Deste xeito tamén agradecemos o voso esforzo por seguir promovendo a radio como instrumento pedagóxico e de inclusión.

A sintonía utilizada é de creación propia, a da *Voz da Mata*, a nosa radio.

A música do rap non ten dereitos de autor. (Base de rap)

<https://www.youtube.com/watch?v=18G13c4tccw>

Presentamos a continuación o guión que serviu de base para a gravación do podcast.



RADIO "A VOZ DA MATA". CARVALHO CALERO

LOLA.- *Sintonía A Voz da Mata*

NICO.- Ola aos nosos oíntes. Somos Ainoa, Tomás, Uxía e Nico, un grupo de alumnos e alumnas de 6º de Educación Primaria do CPI Manuel Suárez Marquier do Rosal, que imos facer un programa sobre a figura de Carvalho Calero.

UXÍA.- Estivemos a pescudar sobre este autor tan importante na nosa cultura e aprendemos moitas cousas sobre el e a súa obra.

NICO.- Queremos facerlle unha homenaxe, dende Radio Biblio, cun rap que preparamos na clase antes do confinamento. Cun ritmo actual, achegámosvos, un ben inmaterial tan importante que temos os galegos e galegas, a nosa literatura!

UXÍA.- A verdade é que o coronavirus cambiou os nosos plans, pero non queremos deixar de festexar as Letras do 2020!

NICO.- Para pórle un punto de ledicia e positividade a esta situación que estamos a vivir, os nosos compañeiros, Ainoa e Tomás, van interpretar "O rap de Carvalho". Adiante!

TOMÁS.- Carballo Calero naceu en 1910 en Ferrol.

AINOA.- Estudou Filosofía e Letras en Santiago de Compostela.

TOMÁS.- El é escritor, historiador de Literatura, crítico literario, filólogo e lingüista.

AINOA.- As súas obras de teatro son *A sombra de Orfeo*, *Farsa das zocas*, *A arbre*, *Auto do prisioneiro*.

TOMÁS.- Obras narrativas *A Xente da Barreira*, *Scorpio*.

AINOA.- Tamén escribiu ensaios e poemas.

TOMÁS.- Morreu en 1990 en Santiago de Compostela.



AINOA.- Agora imos rapear os seus poemas.

TODOS.- Agora imos rapear os seus poemas.

TOMÁS.- “Ali, onde as rainhas orgullosas
entornam os seus ollos abissais
como portas da alcova do misterio,
viveu o seu escuro corazón
umha idade de luz, assulagado
nas miraxes do ensonho.”

TODOS.- Carballo Calero, Letras Galegas. Carballo Calero, Letras Galegas.

AINOA.- “O meu cavalo piafa no curro do castelo.
O seu casco escribe sobre o pó,
sobre a areia, sobre a água, sobre a neve,
sobre o vento, poemas que eu transcrevo
em clave de lua, em língua de nom.

TODOS.- Carballo Calero, Letras Galegas. Carballo Calero, Letras Galegas.

TOMÁS.- Estivo na guerra, aquí temos o poema “Rolda de norte”

“Non sei
se matei.
Estiven na trinchera.
Non vin
o meu nemigo.
Disparei.
Non sei
se matei.
Fun ferido.
Máis
Non
Sei
Se
Matei.

TODOS.- Carballo Calero, Letras Galegas. Carballo Calero, Letras Galegas.



AINOA.- E para rematar estes versos imos rapear.

“O poeta é um fingidor”
A maior parte desta poesia
é hipocrisia.
Nom quer nada dizer e nada di.
Se algo quiger dizer, algo diría.

Todos: Carballo Calero, Letras Galegas. Carballo Calero, Letras Galegas.

NICO.- Moi ben! Parece que despois disto xa temos o corpo doutro xeito!

UXÍA.- Ata aquí a nosa homenaxe a Carvalho Calero! Saúde para todos e todas e unha aperta grande dende O Rosal!

LOLA.- Sintonía A Voz da Mata

2.- RELACIÓN DE PROFESORADO, ALUMNADO E OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA IMPLICADOS NA REALIZACIÓN DO TRABALLO PRESENTADO.

ALUMNADO

Na investigación, documentación e elaboración do guión participou todo o alumnado de 6º B.

Na gravación do podcast participaron:

- Uxía Tajadura Vidal 6ºB EP. Voluntaria da Biblioteca.
- Nicolás Cruz Lomba 6º B EP. Voluntario da Biblioteca.
- Ainoa Lima Portela 6º B EP. Voluntaria da Biblioteca.
- Tomás Díaz Castro 6º B EP. Voluntario da Biblioteca.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN e O. U.
C.P.I. "MANUEL SUÁREZ MARQUIER"



**RADIO NA
BIBLIO**
Curso 2020-21

PROFESORADO

- María Elvira Lomba González. Titora 6º EP. Membro do equipo da Biblioteca. Membro do equipo da Radio.
- María Dolores Sánchez Blázquez. Coordinadora da Radio. Membro do equipo da Biblioteca.
- María Oca Martínez. Coordinadora da Biblioteca. Membro do equipo da Biblioteca. Membro do equipo da Radio.
- Beatriz Fernández Rodríguez. Xefa estudos EP. Membro do equipo da Biblioteca. Membro do equipo da Radio.
- Ana María Álvarez Chamosa. Xefa estudos ESO. Membro do equipo da Biblioteca. Membro do EDNL. Membro do equipo da Radio.

OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA IMPLICADOS NA REALIZACIÓN DO TRABALLO PRESENTADO.

- Familias do alumnado, que colaboraron dende as súas casas durante o confinamento, como canles de comunicación entre o alumnado e o centro.

Equipo da Radio na Biblio. CPI MANUEL SUÁREZ MARQUIER. O ROSAL.

Setembro 2020